

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 21 DE SETEMBRO DE 2022.**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e un de setembro de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto.

Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA**

#### **1.- LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acordouse:

- Non outorgar a licenza urbanística solicitada para planta de produción de biometano para inxección á rede, en esquema de economía circular a través da xestión e valoración de residuos orgánicos, en Lamablanca e Monte de Soñar (Expte: 2021/Y001/000331).
- Outorgar licenza urbanística para instalación de ascensor en vivenda unifamiliar sita no lugar de A Brea - Tirimol número 10. (Expte: 2022/Y001/000080).
- Outorgar licenza urbanística para demolición de edificio na rúa Portugal número 12 (Expte: 2022/Y001/000160).
- Outorgar licenza urbanística para almacén, soleira e muro para silo forraxeiro, en Santiago de Saa (Expte: 2021/Y001/000245).

### **ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**

#### **2.- CONTRATACIÓN.-** Adoptáronse os seguintes acordos:

- Aprobar o procedemento de licitación para o alleamento de vehículos retirados da vía pública, sitios no depósito municipal. Expte. Ref. 2022-C005-000016.

- Desestimar a petición de revisión de prezos e aprobar a prórroga do contrato por un período de seis meses, ou inferior en caso de nova contratación, para a prestación do servizo de actividades de ensinanza deportiva e servizos complementarios en diversas instalacións deportivas municipais de Lugo. (Exp. Ref. 2019-09- Tecol 2020/C003/000034).

- Aprobar a segunda prórroga do contrato, dende o 1/9/2022 ata o 31/8/2023, suscrito para a prestación do servizo de mantemento, conservación e reparacións das instalacións, infraestructuras e construcións rurais singulares e patrimoniais no ámbito rural do Concello de Lugo. Exp. Ref. 2020/C003/000023.

- Adxudicar a contratación para o patrocinio publicitario con motivo da celebración do festival "CAUDAL FEST 2022". Ref. 2022/C005/000009.

- adxudicar a contratación mediante lotes da subministración - arrendamento sen opción de compra- dun vehículo patrulla con kit de detidos tipo suv 5 portas (lote 1) e un vehículo patrulla tipo suv 5 portas 4x4 sen kit de detidos (lote 2). exp. ref. 2022-c004-000013.

- Prorrogar o contrato, dende o día 16 de outubro de 2022 ata o día 15 de outubro de 2023, suscrito para a subministración de material de oficina non inventariable (Exp. Ref. 2019-067) 2020/C004/000003.

- Suspender o prazo de inicio da obra de "Rehabilitación de edificio existente e ampliación en edificio independente para equipamento comunitario", incluído no programa operativo Feder Orde HAP/2427/2015, do 13 de novembro con financiamento do 80%. Exp. Ref. 2022-C002-000003.

### 3.- PERSOAL.- Acordouse:

- Nomear a dous funcionarios/as de carreira do Excmo. Concello de Lugo, para desempeñar a praza de Técnico/a de xestión (grupo de titulación: grupo A (subgrupo A2); escala: administración xeral; subescala: xestión.

- Adquirir o compromiso de incorporación de 1 praza de celador/a CEIP na oferta pública de emprego deste Concello para o ano 2023.

**4.- FACENDA LOCAL.-** Adoptouse o seguinte acordo:

- Proceder á regularización tributaria por denegación de licenza urbanística para demolición de edificación existente e construción dunha nova edificación na estrada de Santiago, nº 94.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.